

BASES DO XI CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA

(Fallo do xurado: o 26/08/2017 durante a celebración do XI Solpor Poético)



Concello de Laxe

Coa intención de continuar promovendo e difundindo a vertente cultural poética e especialmente, a figura do poeta local *Antón Zapata García*, O DEPARTAMENTO DE CULTURA deste concello convoca a **UNDÉCIMA EDICIÓN DESTE CERTAME DE POESÍA**.

- 1.- Poderá participar no certame toda persoa que así o desexe, presentando un ou varios poemas** (ata un máximo de 3) **que deben ser necesariamente titulados.** Cada autor/a deberá inscribirse nalgunha das seguintes categorías en función da súa idade: categoría infantil: ata os 11 anos; categoría xuvenil: dos 12 aos 25 anos ou categoría adulta: a partir dos 25 anos.
- 2.- A TEMÁTICA e EXTENSIÓN do poema ou poemas que se presenten son totalmente libres cun mínimo de 20 versos. Poden escribirse en lingua galega ou castelá. En todo caso deberán ser inéditos e ir asinados co pseudónimo elixido polo autor/a.** No caso de que se demostrase que o poema é un plaxio, o Concello de Laxe poderá facelo público e retirar o premio outorgado, incluso con posterioridade ao certame.
- 3.- DATA LÍMITE de entrega de poemas: Venres 18 de agosto** do 2017 ás **13.00 horas**. Non se admitirán a concurso os traballos recibidos fóra desta data, agás aqueles que cheguen por correo postal, sempre e cando, no sobre de envío, figure a data na que se entregou nas oficinas de correos, e esta sexa anterior ao 18 de agosto.
- 4.- ENTREGA DE POEMAS.** Remitiranse ao Departamento de Cultura do Concello de Laxe, debendo cumprir os seguintes **REQUISITOS DE PRESENTACIÓN PARA SER ADMITIDOS:**
 - Sempre que sexa posible, remitiránse por correo postal ordinario co fin de garantir o anonimato do/a autor/a, ao seguinte enderezo: **Departamento de Cultura do Concello de Laxe. Avda. Cesáreo Pondal, nº 26, 15117, Laxe.**
 - **No espazo reservado ao remitente, indícarase** en letras maiúsculas **“XI CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA”**. A continuación, deberá aparecer tanto a categoría á que se presenta como o pseudónimo ou “falso nome” elixido polo autor ou autora.
 - **No interior deste sobre, introducirase o poema ou poemas que se presenten ao certame xunto con outro sobre, que ha de ir pechado e ser de menor tamaño, no que se introducirán,** escritos en papel, **os datos persoais completos do autor ou autora:** Nome e apelidos, data de nacemento, enderezo postal e teléfono de contacto. Na parte exterior deste segundo sobre, escribirase o pseudónimo e o título do poema ou poemas que se envíen ao certame.
- 5.- GAÑADORES/AS E PREMIOS. O xurado** que se constitúa para esta edición, formado como mínimo por 3 persoas representativas do equipo de goberno e do persoal traballador do Concello de Laxe, **elixirá un poema gañador por cada unha das categorías.** **A cada un dos gañadores/as, ademais de outorgaralles un diploma e agasallo** que acredite a súa condición de gañador/a, **faráselles entrega dun lote de libros,** elixidos especificamente para o/a gañador/a e que poderán estar escritos tanto en verso como en prosa.
- 6.- RESOLUCIÓN DO XURADO.** Farase pública **o sábado 26 de agosto durante a celebración do XI Solpor Poético na Praia dos Cristais de Laxe a partir das 20.00 horas.**
- 7.- O fallo do xurado é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro.** Sempre e cando os poemas presentados non reúnan un mínimo de estándares de calidade, non se remitan dentro de prazo establecido, ou non respeten os requisitos de presentación sinalados, **o xurado poderá declarar deserto o premio.**
- 8.- As obras que se presenten ó certame, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe e enriquecerán o patrimonio cultural municipal.** Este concello resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación de ditas obras sin que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso serán esixibles dereitos de autor por parte do escritor ou escritora da obra.
- 9.- A participación no certame implica a total aceptación das bases.**

Máis información no Departamento de Cultura do Concello de Laxe.
Teléfono: **981 70 69 71.** Email: **cultura@concellodelaxe.com.**